CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos básicos e estratexias fundamentais que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender portugués, con apoio, valorando as competencias como persoa plurilingüe.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuizos lingüísticos e cultuais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuizos lingüísticos e cultuais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala portugués como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, aportando o traballo propio e interactuando, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar adecuadamente as convencións básicas orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día). - Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos). - Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación. - Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas

Contidos

- a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A aprendizaxe dunha lingua supón adquirir os hábitos que conducen aos obxectivos propostos, partindo sempre da competencia inicial do alumnado e da súa diversidade.

Trátase de aumentar os coñecementos para ler, falar, entender e escribir nos diferentes niveis da lingua. Estas habilidades hai que adquirilas gradualmente incrementando o nivel de dificultade ao longo de todo o proceso educativo, e a través de métodos activos e combinando o traballo individual e cooperativo.

O/a alumno/a debe chegar a comprender a lingua común e poder facer fronte a unha serie de situacións da vida real (pedir unha información, un billete de tren, unha comida nun restaurante, etc.), usando, por tanto, un enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas.

Tamén hai que intentar que o alumnado fale coa pronunciación, o ritmo e a entoación adecuados. De igual maneira debe expresarse por oral e por escrito, dunha maneira comprensible, empregando estruturas portuguesas e sen

traducir mentalmente.

Por suposto a aprendizaxe dunha lingua estranxeira debe ir acompañada de nocións de cultura e civilización do país e das xentes que falan esa lingua, reforzando así a personalidade e a formación do/a alumno/a.

Hai que asentar os coñecementos adquiridos anteriormente ao tempo que se adquiren novos elementos. Para conseguilo, hai que pasar por tres fases:

Presentación dos elementos: significativa e significado, e a relación entre os dous.

Explotación dos coñecementos novos adquiridos e a integración inmediata no corpus do xa coñecido.

Fixación das principais estruturas gramaticais e lexicais.

Presentación

Partindo dun texto, a poder ser un documento auténtico, chegarase á comprensión do contido léxico e á obtención da repetición correcta dos modelos lingüisticamente propostos. O medio de logralo será a partir da repetición colectiva e individual alternativamente. No primeiro curso o máis importante e difícil é despertar o ouvido, acostumar a oír un diálogo en portugués corrente a unha velocidade normal. Unha vez entendido o grupo fónico hai que intentar que o/a alumno/a perda o medo a expresarse oralmente, a repetir o que acaba de ouvir.

Explotación

Consiste no emprego dos elementos lingüísticos que se acaban de aprender e a súa utilización en contextos diferentes do proposto. Non se trata de presentar elementos lingüísticos sen máis senón de utilízalos correctamente nunha variedade de contextos. Trátase de cambiar o contexto dentro dunha mesma estrutura.

Fixación

É a última etapa e a máis importante. Recorrerase a todo tipo de exercicios estruturais: substitución, transformación, preguntas-repostas, oposición, sinónimos etc., e mesmo indagación e investigación sobre outros documentos, orais e escritos, facilitados pola profesora ou buscados na rede.

Canto á pronuncia, non se trata tan só de aprender a fonética portuguesa senón tamén de empregala coa entoación esixida. Esta desempeña un papel moi importante xa que pode mudar o significado dunha mesma frase.

O traballo con textos orais de diferentes procedencias, a colaboración da auxiliar de conversa e o feito de utilizar o portugués na aula a profesora, son excelentes medios de controlar a comprensión do alumnado. Na aula incorporaremos vídeos, cancións e promoveremos intercambio en directo e a través das redes con persoas lusófonas.

En canto ó léxico, este irá enriquecéndose aos poucos. Nos primeiros cursos será sinxelo, accesible, concreto e familiar. Os textos elixidos serán sacados da vida corrente de todos os días e en situacións coñecidas polos/as alumnos/as: unha chamada telefónica, unha comida nun restaurante, vacacións na praia...

A gramática da lingua non é un obxectivo en si mesmo senón que estará ao servizo da aprendizaxe por competencias.

Traballarase con material na rede Internet e con fotocopias de diversa procedencia. Empregaranse tamén libros de lectura (propostos desde unha lista aberta) adaptados ao nivel escolar correspondente, vídeos, blog....

Desenvolveremos o proxecto Lusofoneando, consistente na realización dun xogo, "Caminhos de Abril" con nove retos compostos por probas por parte de cada alumno/a, que se integrará a nivel grupal nun concurso. Centraremos no 50 aniversario do 25 de Abril e, como consecuencia na cultura, características e costumes dun espazo da Lusofonía.

Desenvolveremos tamén microproxectos ao longo do curso.

A aprendizaxe por proxectos desenvolverá as estratexias contidas nos estándares de aprendizaxe curriculares..

En calquera caso, seguiremos e cumprimos as liñas metodolóxicas indicadas no Decreto 156/2022:

Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.

Unha serie de elementos propios das metodoloxías: as actividades, tarefas ou proxectos que facilitarán a adquisición das aprendizaxes e o desenvolvemento das competencias

consideradas nos obxectivos; os agrupamentos necesarios para facilitar a realización das actividades en que participe todo o alumnado realizando tarefas que consideren a súa diversidade en situacións de interacción, coavaliación e autoavaliación; os materiais e recursos que serán necesarios para poñer o alumnado en contacto coa lingua meta; a avaliación e, en todo momento, o seu rol de docente e o rol do alumnado.

Os roles que o alumnado terá nos agrupamentos, de tal maneira que, por moi menor que sexa a súa participación debido ás características e posibilidades da súa diversidade funcional, o grupo non alcance o éxito da tarefa sen a contribución de cada un dos seus membros.

O grao en que as actividades ou tarefas que se lle propoñerán ao alumnado serán controladas e de orientación exclusivamente lingüística ou estarán máis centradas na propia tarefa, considerando esta non só como aprendizaxe do uso lingüístico e para o desenvolvemento comunicativo, senón tamén para o desenvolvemento cognitivo. Todo isto considerando que, inicialmente, o control que poida ter o profesor sobre a lingua que produce o alumnado e sobre o grao de comunicación que permiten as actividades e tarefas ou proxectos que propoña non debe manterse ao longo de toda a etapa, pois non se lograrían as competencias establecidas no currículo desta materia de lingua estranxeira.

Actividades que aborden o coñecemento dos patróns culturais que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais da propia cultura, para informar e sensibilizar o alumnado sobre a necesidade de coñecer e

respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística. Propostas que tomen en consideración a motivación do alumnado, así como os seus intereses e preferencias. En consecuencia, débese lograr a convivencia entre actividades controladas de memorización, exercicios gramaticais etc. e actividades comunicativas como xogos de rol, realización de proxectos, xogos, debates etc. Ao cabo, a finalidade das actividades de aprendizaxe non é outra que contribuír ao logro das competencias establecidas no currículo da Segunda Lingua Estranxeira, facilitando o desenvolvemento da competencia comunicativa, a toma de conciencia das estratexias e coñecementos propios para mellorar a aprendizaxe, e o interese e respecto pola diversidade lingüística e cultural.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
RECURSOS ORGANIZATIVOS: ESPAZOS: Aula ordinaria, biblioteca, centro educativo, centro socio-cultural, teatro, sala de conferencias, viaxe Portugal /TEMPO. 2 sesións semanais + 4 días viaxe
RECURSOS MATERIAIS: ANALÓXICOS E DIXITAIS: Libros de lectura, gramáticas, dicionarios, materiais didácticos, vocabularios, aula virtual, redes sociais, blog, cadernos, diarios de viaxe, impresora, materiais de debuxo e escritura, pegamento, revistas e xornais, ordenador de aula, ordenadores EDIXGAL, pizarra dixital, software, páxinas web, libros de lectura...
RECURSOS PERSOAIS: Docente, auxiliar de conversa, profesorado acompañante na viaxe, departamento de orientación, activistas culturais, profesorado e alumnado do centro colaborador portugués

Contaremos coa colaboración de referentes, procedentes de diferentes áreas lusófonas ou arraigados/as nelas, que guiarán ao alumnado, fundamentalmente a través dos medios dixitais e tamén presencialmente na viaxe a Portugal polos diferentes espazos da Lusofonía.

Contaremos tamén coa colaboración dun centro escolar portugués, docentes e alumnado.

TÍTULO AUTOR/A EDITORIAL PDF (rede)

Bichos Miguel Torga Dom Quixote SI

Ideiafix e os irredutíveis Vários, Choquet, M. Non

Amar se aprende amando Carlos Drummond de Andrade SI

Persépolis Marjane Satrapi SI

Alice no País das Maravilhas

Clássicos da Literatura em BD (L. 1) Lewis Carroll Xavier Colette et alii Non

Mar morto Jorge Amado SI

Os Maias

Clássicos da Literatura em BD (L. 10) Eça de Queirós/ José de Freitas Non

A bomba Didier Alcante Non

Maus Art Spiegelman SI

Harry Potter e a Pedra Filosofal J. K. Rowling SI

Os Cinco e a Passagem Secreta Álbum 2 Enid Blyton Non

A História de uma Serva (Novela Gráfica) Margaret Atwood SI

O desejo de Kianda Pepetela Dom Quixote Non

Mar morto Jorge Amado Companhia das Letras SI

Primeiro Livro de Poesia Sophia de Mello Porto Editora SI

Portuguesas Extraordinárias Maria do Rosário Pedreira Booksmile Non

Histórias para Adormecer Raparigas Rebeldes Francesca Cavallo e Elena Favilli Nuvem de Tinta Non

Contos do nascer da terra Mia Couto Caminho SI

A maior flor do mundo José Saramago Porto Editora SI

Ophiussa, Samuel Pimenta, Ed. Mahatma

Obras teatrais

(+Lista aberta)

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso, avaliarase, a través do traballo de aula, o nivel individual e de grupo de coñecemento da lingua portuguesa. Consonte os resultados, tomaranse as decisións oportunas con respecto ás pautas didácticas para seguir no curso.

Nesta avaliación inicial pretendemos medir tamén: a actitude de cada alumno /a e do grupo, as necesidades específicas relacionadas coa diversidade do alumnado e, consecuentemente adaptar a nosa PD ás características grupais, individuais e tamén ás relativas aos recursos didácticos organizativos, persoais e materiais.

A avaliación inicial do curso verse complementada polas avaliacións iniciais para cada UD.

Dadas as características desta avaliación inicial, utilizaremos como procedementos fundamentais a observación, análise de produción do alumnado e interrogatorio, asociados aos seguintes instrumentos: rúbricas, listas de cotexo, rexistro de entrevistas e anecdotario.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	8	10	12	12	14	14	14	100
Proba escrita	12	12	17	22	7	0	12	15	26	14
Táboa de indicadores	88	88	83	78	93	100	88	85	74	86

Criterios de cualificación:

Cando avaliamos facemos un seguimento constante da eficacia do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación ha de ser inicial, continua ou procesual e final, a fin de obtermos a suficiente información arredor da aprendizaxe do alumnado, mais tamén da nosa proposta para el. Deste xeito, desenvolveremos estes tres tipos de avaliación ao longo do curso, mais tamén en cada trimestre, UD, sesión e mesmo en relación co desenvolvemento de cada estándar. Amais, seguindo co establecido na LOMCE, este proceso de avaliación da aprendizaxe será tamén continuo, formativo e integrador, de tal maneira que comprobemos o desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado ao longo do curso académico e proporcionemos oportunidades para a ampliación, o reforzo e a recuperación, derivados dunha constante aproximación ao seu proceso formativo. Alén disto, debemos de ter en conta a diversidade do noso alumnado para establecermos medidas que se adapten ás súas necesidades educativas específicas, a fin de garantir tamén a súa adecuada integración no grupo.

Para isto, será preciso utilizar diferentes procedementos e variados instrumentos de avaliación que se adapten aos diferentes contextos de aprendizaxe.

Por outra parte, no proceso de avaliación contemplaremos tamén a da propia práctica docente e a presente programación, tal e como se establece na Orde do 25 de xaneiro de 2022.

Do mesmo xeito, tamén será preciso cualificalas ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe. Desenvolveremos este proceso de cualificación a través dunha serie de criterios e indicadores de logro que incluiremos en dúas rúbricas, unha para cada proceso. Así pois, no tocante á programación, atenderemos á secuenciación, temporalización, recursos, metodoloxías, resultados, etc.; mentres que na do rol docente avaliaremos cuestións en relación coa súa práctica ao longo do curso.

Amais, para estas avaliacións empregaremos procedementos e instrumentos como de medición, coas grelhas de avaliación do alumnado do caderno da docente e listas de control sobre a secuenciación e temporalización, con rúbricas; ou de observación da aprendizaxe, con listas de cotexo entrevista co alumnado e as familias e co caderno de seguimento da programación e do rol docente, da mesma maneira que observación do traballo do alumnado con seguimento do portfolio e que probas obxectivas, tanto orais como escritas.

Todos estes instrumentos recollerán os datos necesarios para a súa integración nos dous que aportarán

definitivamente os datos necesarios:

INSTRUMENTOS

Para a táboa de indicadores:

P: Portfolio / R: Rúbrica / PO: Proba oral / PE: Proba escrita / CD: Caderno docente // L: Lista de cotexo /

Para a proba escrita:

PE: Proba escrita / R: Rúbrica

Podendo ser a proba escrita coincidente coas producións, na aula, do alumnado.

Os retos propostos na dinámica de gamificación da aprendizaxe e as súas probas, proporcionarán a avaliación, obtida a través dos diferentes instrumentos e incorporarán a co-avaliación e a autoavaliación.

O alumnado coñecerá tamén os seus resultados e os erros serán fonte de aprendizaxe e rectificación.

Cada reto contará cunha puntuación que se dividirá en probas, que poderán ser repetidas en caso de ser superadas, para obter maior puntuación, e deberán de ser repetidas en caso de non ser superadas (neste caso cunha merma do 10% que se aplicará a partir da consecución do mínimo para a súa superación)

PROCEDEMENTOS DE CUALIFICACIÓN NA ESO

1ª, 2ª E 3ª AVALIACIÓNS

A carón da avaliación debemos atender tamén ao proceso de cualificación. Cualificar é valorar o proceso de ensino-aprendizaxe desenvolto polo alumnado a partir da súa avaliación previa. Segundo a Orde do 25 de xaneiro de 2022, esta cualificación ha de ser trimestral e final, amais de formativa e continua, pois nela debemos de ter en conta os resultados froito da ampliación e da recuperación.

Ao igual que acontece na avaliación, desenvolveremos a cualificación a partir da atención á diversidade, tanto do alumnado NEE e NEAE coma nas actividades de reforzo e recuperación, relacionadas tamén coa procura do éxito e, medidas, polo tanto, por esta cualificación. Así pois, no proceso de cualificación debemos de termos en conta o grao mínimo de desenvolvemento dos criterios de avaliación para a cualificación positiva.

Cada criterio de avaliación ten unha porcentaxe delimitada, tanto para a/s UD/s na/s que se desenvolva a aprendizaxe correspondente como para o curso, deste xeito, aplicaremos á súa medición as antedita porcentaxes, ben de cara á cualificación da propia UD e do trimestre, como de cara á avaliación final.

Asemade, para cualificar empregamos uns determinados procedementos e uns instrumentos de avaliación, ponderados tamén para cada estándar. Para eles elaboramos uns protocolos que guíen á docente no seu emprego.

A maiores, en cada UD empregaremos unha rúbrica na que insertarmos os criterios de avaliación desa unidade, así coma as súas modificacións no caso de ACIS.

Así pois, a cualificación irá progresivamente nutréndose destas informacións que proceden da porcentaxe relacionada co grao mínimo de desenvolvemento de cada criterio de avaliación e tamén da outorgada a cada instrumento; amais das recuperacións e reforzos implementados. Deste xeito, a cualificación poderá mellorar, cumprindo co seu propósito de ser un proceso formativo. Neste senso, debemos de ter en conta que esta será de tipo cualitativo.

Para calcularmos a cualificación dunha unidade didáctica, debemos de multiplicar a nota acadada para cada criterio de avaliación en cada instrumento de avaliación pola súa porcentaxe referida ao desenvolvemento (procesual ou final en cada caso: avaliación continua ou avaliación final) , operando cos resultados. Esa será a nota numérica coa que é cualificado o criterio, que nos permitirá ubicar o desenvolvemento do mesmo na rúbrica da UD e na rúbrica da avaliación final.

O teremos así cualificacións como resultado da avaliación continua de cada UD, tanto cualitativos como cuantitativos que os levarán cara á cualificación trimestral.

Alén disto, aqueles criterios que situemos na rúbrica da UD no indicador Insatisfactorio precisarán dunha recuperación; ao igual que os de En proceso serán obxecto de reforzo; e, os de Excelente promoverán a ampliación.

Estes criterios incorporaranse á dinámica do xogo, de tal maneira que serán inherentes ás propias probas as insercións dos criterios e dos mínimos para a súa superación.

AVALIACIÓN FINAL

A cualificación final contemplará as aprendizaxes inherentes ao desenvolvemento das UD nos trimestres polo que o resultado corresponderase coa media resultante das avaliacións, tendo en conta nas correspondentes rúbricas os posibles procesos de mellora.

No caso do alumnado que non superou algunha/s avaliación/s teranse, igualmente en conta os procesos de mellora para a recuperación dos estándares integrados nas rúbricas de cada UD. Os procesos de recuperación e mellora estarán incorporados ao propio proceso de ensino-aprendizaxe.

Para aprobar o curso é necesario obter unha nota cuantitativa superior ou igual a 4'5 sobre 10.

Criterios de recuperación:

A recuperación será unha parte do proceso de aprendizaxe, polo que ao longo do proceso aqueles criterios que situemos na rúbrica da UD no indicador Insatisfactorio precisarán dunha recuperación; ao igual que os de En proceso serán obxecto de reforzo e será novamente avaliado de xeito procesual, tanto ao longo do trimestre como do curso, polo que o indicador de logro no que se sitúe o/a alumno/a estará en permanente revisión, implementándose a cualificación correspondente na avaliación trimestral se fose o caso de corresponderse o criterio de avaliación cunha UD corresponde a trimestre ou na final de non ser contemplado no período.

A cualificación final contemplará tanto as aprendizaxes inherentes ao desenvolvemento das UD como o traballo de ampliación, recuperación e reforzo, polo que no caso do alumnado que superou as tres avaliacións corresponderase coa media resultante das avaliacións, tendo en conta nas correspondentes rúbricas os posibles procesos de mellora. No caso do alumnado que non superou algunha/s avaliación/s teranse, igualmente en conta os procesos de mellora para a recuperación dos estándares integrados nas rúbricas de cada UD, de xeito que se reelaborará a cualificación final en función dos novos resultados, seguindo as mesmas pautas que se indicaron anteriormente.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para a recuperación da materia pendente, os C.A. que se avaliarán son os que se sinalan para cada nivel e materia como fundamentais.

En canto á metodoloxía de traballo e aos instrumentos de avaliación, procurarase un seguimento o máis detallado e individualizado posible de cada alumno/a. Os criterios de avaliación serán os especificados no apartado correspondente de cada materia.

O alumnado que teña pendente Lingua Estranxeira Portugués e non está matriculado da materia no curso seguinte, recibirá periodicamente diversos materiais para ir traballando ao longo do curso. Estes traballos serán devoltos á profesora responsábel e, a través deles, comprobarase o progreso. Os devanditos materiais consistirán en exercicios de reforzo, de ampliación, en realización de fichas de léxico e outras tarefas como descricións e redaccións. Estas actividades valoraranse sempre tendo en conta o interese, o progreso e esforzo persoal, e a entrega dos traballos cumprindo o prazo.

Ademais de todo isto, realizará tres probas nas datas que se establezan. Estas probas serán orais e escritas.

O alumnado coa materia pendente e matriculado no nivel seguinte será avaliado simultaneamente nos dous niveis, dado o carácter progresivo da adquisición das linguas. Por iso, o traballo e os avances que o alumnado realice no curso no que está matriculado serán o método de avaliación.

Cando unha alumna ou alumno non acade o 5/10 de media das tres avaliacións deberá presentarse a unha proba oral e escrita final de toda a materia impartida. A valoración desta proba é sobre 10 puntos. En calquera caso, sempre terá dereito a presentarse a esta proba.

6. Medidas de atención á diversidade

O alumnado de lingua estranxeira, en xeral, presenta unha gran diversidade de características (intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe) que hai que atender.

Desde o momento en que os alumnos/as optaron pola SLE, xa se está tendo en conta a diversidade dos seus intereses. A opcionalidade queda así suscitada, desde a súa orixe, como un espazo educativo onde prima unha formulación curricular aberta e flexible, e será a profesora quen interprete os diversos contidos, de acordo coa realidade das características persoais e grupais que caracterizan os alumnos/as do grupo co que se está traballando.

Esta atención á diversidade debe aplicarse ao longo de todo o proceso educativo dun xeito efectivo e eficaz:

-Nun primeiro momento do proceso, facendo que cada alumno/a parta dos seus propios coñecementos e capacidades, consciente de que os seus avances no proceso serán valorados, en todo momento, tomando como referencia os seus coñecementos previos, sen esquecer que forma parte dun grupo.

-Nas diferentes fases do proceso, estimulando, corrixindo e valorando a cada alumno/a, avaliando, á súa vez, a eficacia constatada dos materiais e metodoloxías empregados.

-Ao final do curso académico, considerando os progresos alcanzados polo alumno/a con respecto ao seu propio punto de partida individual, máis que con referencia aos parámetros obxectivos da perspectiva grupal en xeral.

Polo que respecta ás medidas de atención á diversidade reguladas legalmente e das que dispón este centro, na materia de segunda lingua estranxeira, este curso, levamos a cabo as seguintes:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, deseñaranse estratexias e actividades que lle axuden a acadar os obxectivos mínimos.

Para o alumnado con coñecementos elevados da segunda lingua estranxeira, por ter residido no país onde se fala,

proporáselle actividades mais complexas, mais que sexan do seu agrado. Tamén se aproveitará esa circunstancia para servir de modelo ao grupo no seu conxunto.

En calquera caso cumprírase sempre a orde do 8 de setembro do 2021 e promoverase o DUA como metodoloxía ideal en relación coa atención á diversidade.

Do mesmo xeito, seguiranse todos os protocolos destinados a posible alumnado con características e diagnóstico relacionado, sempre que sexa aconsellado polo Departamento de Orientación do centro educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - 1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballarán en todas as materias.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - 2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - 3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - 4. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - 5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - 1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballarase en todas as materias.	X

	UD 9
ET.2 - 2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X
ET.3 - 3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.	X
ET.4 - 4. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.	X

	UD 9
ET.5 - 5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X

Observacións:

Os elementos transversais son sustento fundamental desta programación, xa que tanto o uso da lingua e das linguas como instrumentos que promoven a comprensión, expresión e colaboración non so estrictamente lingüística senón intercultural, solidaria e pacífica, como a metodoloxía baseada na DUA, non traballo por proxectos e na atención á emocionalidade e ao respecto e igualdade, con rexeitamento de estereotipos e comportamentos discriminatorios e sexistas, homófobos, etc, fomentan o respecto e insisten na comunicación, na comprensión e no coñecemento do mundo e dos seus espazos como promoción do ben común.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
ACTIVIDADES E XOGO: "CAMINHOS DE ABRIL"	Dentro do proxecto "Lusofoneando", que desde o mes de novembro do 2023 está previsto desenvolver en 1º, de ESO na materia de Portugués 2ª Língua Estranxeira, promóvese o Programa "Caminhos de Abril"nhos de Abril", co alumnado de Portugués Segunda Língua Estranxeira,, consistente na participación nun xogo e participación en actividades, de xeito individual e grupal (pequeno grupo, gran grupo e colaboración entre aulas)s e cursos), con viaxes virtuais polos referentes socio-culturais, xeográficos, históricos e literarios pola lusofonía, co apoio dos materiais analóxicos e das TIC, así como de recursos persoais (auxiliar de conversa e referentes nos territorios lusófonos) e exposición virtual e real dos mesmos, preténdese contactar con diferentes referentes culturais lusófonos, a través de medios dixitais e tamén promovendo a visita ás aulas. Haberá unha continuidade en relación con estes diálogos desde novembro de 2022 a xuño de 2023.	X	X	X
ASISTENCIA, PARTICIPACIÓN E COLABORACIÓN EN EVENTOS CULTURAI LUSÓFONOS	Asistiremos a eventos culturais que sexan ofertados ao longo do ano nas proximidades, aínda que fomentaremos tamén a realización no IES de Cacheiras destas actividades en portugués.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
VIAXE E INTERCAMBIO	romoverase unha viaxe para inmersión lingüística, cultural e para desenvolvemento do proxecto de catro días de duración (procurando que como máximo dous deles sexan lectivos). Trátase dunha viaxe a Portugal con destino Lisboa (dous días) e visitas no camiño de ida e volta. Tamén se realizarán actividades de intercambio on-line.		X	X

Observacións:

O Programa "Caminhos de abril", co alumnado de Portugués Segunda Lingua Estranxeira,, consistente na elaboración de actividades pertencentes a un xogo, que incorpora a aprendizaxe desde a perspectiva da gamificación, do reto e do traballo por proxectos, co apoio dos materiais analóxicos e das TIC, así como de recursos persoais (auxiliar de conversa e referentes nos territorios lusófonos). Tamén asistiremos a eventos culturais que sexan ofertados ao longo do ano nas proximidades, aínda que fomentaremos tamén a realización no IES de Cacheiras destas actividades en portugués. Promoverase unha viaxe para inmersión lingüística, cultural e para desenvolvemento do proxecto "Lusofoneando", de catro días de duración (procurando que como máximo dous deles sexan lectivos). Trátase dunha viaxe a Portugal con destino Lisboa. A viaxe procurará tamén o encontro con alumnado portugués das mesmas idades que o noso alumnado e con referentes culturais das comunidades lusófonas. Participación na Semana Cultural do IES de Cacheiras con varias actividades e, en xeral, participación na vida cultural e educativa do noso centro escolar.

Pretendemos fomentar o recitado de textos líricos, o traballo con textos audiovisuais, con libros, música, as visitas de referentes e de iguais.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Ao final de cada avaliación, revisarase a programación didáctica, co obxectivo de comprobar a temporalización e reprogramar en caso de desfase. Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica?
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas e os proxectos?
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?
4.- Engadiuse algún contido ou criterio de avaliación non previsto ás UD?
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
6.- Secuenciáronse os C.A. para cada unha das unidades?
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada C.A. para superar a materia?
8.- Asignouse a cada C.A. o peso correspondente na cualificación ?
9.- Vinculouse cada C.A. a un/varios instrumentos para a súa avaliación?
10.- Asociouse con cada C.A. cos ELEMENTOS transversais?

Metodoloxía empregada
14 - Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?
18 - Tomáronse medidas organizativas e metodolóxicas eficientes?
19 - Incorporáronse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe?
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?
15 - Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
Medidas de atención á diversidade
13 - Tomáronse e avaliáronse medidas organizativas e/ou curriculares para atender ao alumnado NEAE e NEE?
17 - Atendeuse á diversidade do alumnado?
Clima de traballo na aula
20 - Incorporáronse ás estratexias docentes os diferentes plans, protocolos e demais decisións do centro educativo, así como o apoio da auxiliar de conversa?
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?
16 - Conseguiuse implicar familias e comunidade escolar?

Descrición:

Establécense catro niveis de logro para cada indicador e mecanismos de revisión variados (procedementos e instrumentos), con participación do alumnado nos mesmos. Nas actas mensuais do departamento didáctico incorporáronse tanto os resultados pertinentes para o período, como -no seu caso- as medidas de mellora que deberán de aplicarse de xeito inmediato, sempre que as circunstancias o permitan. En calquera caso, avaliación, propostas de mellora e reflexión estarán presentes na memoria de fin de curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao final de cada avaliación, revisarase a programación didáctica, co obxectivo de comprobar a temporalización e reprogramar en caso de desfase.

Fixáronse mecanismos de mellora e recolléronse tamén a partir da avaliación do alumnado e das familias.

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica:

- 1.- Deseñáronse unidades didácticas a partir dos elementos do currículo?
- 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas e os proxectos?
- 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?
- 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?
- 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- 6.- Secuenciáronse os criterios de avaliación para cada unha das unidades didácticas?
- 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada criterio de avaliación para superar a materia?
- 8.- Asignouse a cada criterio de avaliación o peso correspondente na cualificación ?
- 9.- Vinculouse cada criterio de avaliación a un/varios instrumentos para a súa avaliación?
- 10.- Asociouse con cada criterio de avaliación os elementos transversais a desenvolver?
- 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?
- 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?

- 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?
- 14.- Os materiais de apoio, entre os que se inclúe como posible apoio libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?
- 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
- 16.- Elaboráronse mecanismos de avaliación inicial a partir dos criterios de avaliación?
- 17.- Fixouse para un procedementos de acreditación de coñecementos previos?
- 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua?.
- 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dos criterios de avaliación non superados?
- 20.- Fixáronse criterios para as avaliacións trimestrais?
- 21.- Establecéronse criterios para a avaliación final?
- 22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?
- 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?
- 24.- Elaboráronse os instrumentos de avaliación tendo en conta o valor de cada criterio de avaliación?
- 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos criterios de avaliación?
- 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?
- 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?
- 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, procedementos e instrumentos?
- 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de superación da materia?
- 30.- Seguíuse e revisouse a programación ao longo do curso
- 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?
- 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

9. Outros apartados